



RESOLUCIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA A DIFUSIÓN DA CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027

Campaña de vixilancia da saúde laboral para o curso académico 2026-2027.

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pola que se autoriza e ditan instrucións para a difusión da campaña de vixilancia periódica da saúde para as persoas traballadoras, docentes e non docentes, que prestan servizos en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

De acordo co disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, modificada pola Lei 54/2003, do 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais, o empresario garantirá ás persoas traballadoras ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes á súa actividade laboral. A vixilancia da saúde do dito persoal só poderá levarse a cabo cando o traballador preste o seu consentimento, agás nos supostos contemplados legalmente, e en todo caso, deberase respectar o seu dereito á intimidade e á dignidade, así como á confidencia de toda a información relacionada co seu estado de saúde.

O Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, establece no seu artigo 20, apartado 2.3.I, que o Servizo de Persoal de Administración e Servizos da dita Consellería realizará as funcións de vixilancia da saúde respecto do persoal que presta servizos nos centros docentes públicos, non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

En base ao anterior, difúndese esta convocatoria da campaña de vixilancia periódica da saúde no ámbito educativo para o persoal docente e non docente que presta os seus servizos en centros docentes públicos, non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional mediante a súa publicidade na páxina web oficial desta Consellería e o envío das instrucións respectivas aos ditos centros, e de acordo coas seguintes premisas:





Primeira. Obxecto

A prestación da vixilancia periódica do estado da saúde do persoal docente e non docente destinado en centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en función dos riscos inherentes ao traballo, segundo o disposto no artigo 22 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Segunda. Ámbito de aplicación

É aplicable ao persoal docente e non docente (funcionario e laboral) en activo, que presta servizos con carácter permanente ou temporal nos centros docentes públicos non universitarios, dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Terceira. Inscripción

- Características xerais

Para a realización do recoñecemento médico laboral, agás causas debidamente xustificadas, a persoa traballadora non se atopará en situación de baixa médica coa finalidade de poder avaliar de forma efectiva o estado de saúde en función dos riscos específicos asociados ao seu posto de traballo.

A inscrición ten carácter voluntario, polo que se realizará previa solicitude das persoas interesadas conforme as instrucións establecidas neste procedemento.

As persoas responsables dos diferentes centros educativos deberán difundir, informar e facilitar a axuda necesaria para a inscrición do seu persoal afectado. A estes efectos e dado que existen diversos prazos de inscrición, derivados da posibilidade de novas incorporacións de persoal ao longo de todo o curso escolar, deberán manter activa esta información e facilitarlla ao novo persoal que se vaia incorporando ao seu centro ao longo do referido curso escolar.

A dita inscrición realizarase de forma telemática no formulario de solicitude de recoñecemento médico que está dispoñible na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no seguinte enlace:





<https://revisionmedica.xunta.gal/sxsrn/educacion/solicitudes/inicio/reconocimientomedico>

O enlace sinalado con anterioridade é a única canle dispoñible para a realización desta inscrición, non sendo posible a súa solicitude a través do FIDES, PORTAX ou calquera outra plataforma tecnolóxica.

A solicitude de inscrición debe incluír todos os datos que figuren no formulario. A falta dalgún deles impedirá a súa tramitación.

Finalizado o procedemento de solicitude de recoñecemento médico e realizada correctamente a inscrición, xerárase un xustificante de consentimento que se deberá presentar asinado o día seleccionado para realizar a analítica.

- Colaboración das direccións dos centros educativos para a inscrición do persoal NON docente

No proceso de inscrición telemática do persoal non docente é fundamental e necesaria a colaboración das direccións dos centros educativos.

A dita colaboración implica a realización das actuacións descritas de seguido, respecto das persoas traballadoras non docentes que carezan do correo electrónico corporativo EDU da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, pois dispoñer deste é requisito imprescindible para o acceso á plataforma informática que permite levar a cabo a inscrición para o recoñecemento médico, garantíndose con isto o obrigado respecto á normativa de seguridade electrónica e protección de datos de carácter persoal.

Así, a colaboración das direccións dos diferentes centros educativos requirirá das actuacións que se relacionan a continuación:

1.- Datos – Verificación e rexistro de determinados datos persoais no XADE

Como paso previo, e ao obxecto de obter o dito correo electrónico (conta de usuario de educación) será indispensable a verificación e o rexistro na ficha da persoa traballadora en XADE (menú Non Docente > Datos Xerais), dos datos seguintes:

- Nome e apelidos da persoa traballadora que careza de conta de educación.





- DNI da referida persoa traballadora.
- Correo electrónico persoal e/ou teléfono móbil de contacto.

2.- Solicitud do correo electrónico de EDU para aquelas persoas traballadoras que, por falta de medios, non poida facelo pola súa conta

Realizado o trámite anterior, e despois de agardar entre 24h – 48h (para que se produza a oportuna actualización entre aplicacións), poderase solicitar a conta de usuario a través do enlace <https://www.edu.xunta.gal/contausuario/> > Menú Conta > Solicitar PIN (o PIN enviarase á conta de correo externa ou por SMS ao móbil).

Unha vez recibido o PIN, deberase crear a conta accedendo de novo a <https://www.edu.xunta.gal/contausuario/> > Menú Conta > Activar Conta.

No caso de que a aplicación ContaUsuario non permitise solicitar a conta deste xeito, contactarase coa Unidade de Atención a Centros (UAC):

- Teléfono: 881 99 77 01
- Correo electrónico: uac@edu.xunta.gal

Recórdase que todas as persoas traballadoras deste colectivo que xa dispoñan de conta corporativa de EDU con motivo de campañas anteriores, así como o propio persoal docente, deberán ter activa a dita conta de correo e comprobar que non estea caducada. Neste último caso, deberán contactar coa UAC.

3.- Solicitud do recoñecemento médico

Unha vez activa a conta de correo electrónico de EDU, cada persoa usuaria ou coa axuda da Dirección dos centros, e unha vez estea aberto o período de inscrición previsto na campaña de vixilancia da saúde, poderá acceder á plataforma electrónica (no enlace indicado nesta Resolución), para solicitar o recoñecemento médico.

No caso daquelas persoas traballadoras que non dispoñan de medios informáticos axeitados, as direccións dos centros educativos facilitaránllos a fin de que poidan levar a cabo a correspondente inscrición.

- Prazos de inscrición

A Consellería garante a todo o persoal incluído no ámbito de aplicación desta resolución que se atope en servizo activo o seu dereito efectivo á vixilancia da saúde, independentemente do seu vínculo e/ou réxime contractual. Con esta finalidade, e dado que existen colectivos de traballadores que se incorporan en diversas datas ao curso escolar, é preciso establecer diversos prazos de inscrición que lles faga posible o seu acceso ao recoñecemento médico en igualdade de condicións e cos mesmos recursos técnicos e humanos dispoñibles.





Por tal motivo, ao longo da campaña de vixilancia da saúde, establécense diversos prazos de inscrición dependendo de se se trata de persoal substituto ou do resto de persoal en función de se a súa data de toma de posesión é anterior ou posterior ao inicio da campaña (25/09/2026).

- **Por persoal substituto**, enténdese a estes efectos, a aquela persoa traballadora, en servizo activo, que substitúa a outra persoa (docentes substitutos e non docentes substitutos) e que leven 65 días naturais de servizo ininterrompido contados dende o 01/09/2026, ou dende o día seguinte ao nomeamento se fora posterior a esa data.
- **O resto de persoal**, en servizo activo, que disporá dun prazo de inscrición en función de se a súa data de toma de posesión é anterior ou posterior ao inicio da campaña (25/09/2026), abrangendo de forma específica ao seguinte colectivo de persoas traballadoras:

PERSOAL DOCENTE	PERSOAL NON DOCENTE
Persoa funcionaria de carreira ou funcionaria en prácticas	Persoa funcionaria de carreira e persoa laboral fixa ou indefinida
Persoa interina con nomeamento para todo o curso escolar	Persoa funcionaria interina ou laboral temporal que ocupa unha praza vacante pura, é dicir, que esta non dispoña de titular con reserva de posto de traballo

Así, recóllense de forma específica os seguintes prazos de inscrición en función do colectivo de persoas traballadoras afectadas:

A) Prazo de inscrición para o persoal substituto: Do día 1 ao 20 do mes seguinte a aquel no que se cumpran os 65 días traballados de forma ininterrompida, contados dende o 01/09/2026, ou dende o día seguinte ao nomeamento se fora posterior a esa data.



B) Prazo de inscrición para o resto do persoal:

Para o persoal nomeado con anterioridade ao 25/09/2026: A inscrición deberá realizarse **dende o 25 de setembro ao 31 de outubro de 2026.**

Para o persoal nomeado con data igual ou posterior ao 25/09/2026: A inscrición deberá realizarse **dende o día 1 ao 20 do mes seguinte a súa toma de posesión.**

Cuarta. Citacións

Para o desenvolvemento das diversas probas médicas que sexan precisas para o recoñecemento médico laboral contemplado nesta resolución será preciso estar en situación de alta médica.

A cita da analítica poderase modificar do mesmo xeito que se solicitou, unha soa vez, consonte ás instrucións do procedemento de solicitude dos recoñecementos médicos, e sempre que se faga antes dos cinco (5) días naturais previos á data da cita escollida.

A non solicitude da cita conforme aos prazos e o procedemento establecido nesta resolución, así como a anulación voluntaria da dita cita, implicará a renuncia ao dereito a realizar o recoñecemento médico nesta campaña.

A falta de asistencia á cita implicará, agás baixa médica ou causas de forza maior debidamente xustificada ante a unidade de Prevención de Riscos Laborais desta Consellería, que a persoa traballadora renuncia ao recoñecemento médico de forma voluntaria.

Realizada a analítica, as posteriores citas que fosen necesarias para complementar o pertinente recoñecemento médico serán acordadas directamente co correspondente servizo de prevención de riscos alleo na especialidade de medicina.

Asinado dixitalmente,

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

